



Guía Docente

Datos Identificativos					2017/18
Asignatura (*)	Educación e linguas en Galicia	Código	652600003		
Titulación	0 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Módulo Xenérico, Innovación Docente e Iniciación á Investigación Educativa				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	1.5	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado		Correo electrónico			
Web					
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo central a reflexión sobre a relevancia da diversidade Lingüística e o papel que o sistema educativo xoga no seu mantemento, coñecer a realidade sociolingüística galega e analizar o papel dos centros de ensino como axentes de planificación lingüística. Por tanto, a través do seu estudo, esta materia pretende incorporar a cultura da planificación e da intervención como factores esenciais da educación.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A10	Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A13	Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro.
A14	Respectar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade	AP10		
Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro	AP13		
Respectar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade	AP14		
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			CM4
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida			CM7

Contidos



Temas	Subtemas
Unidade e diversidade lingüística. Modelos de educación bilingüe ou plurilingüe	Que son as linguas? Canto coñecemos sobre a diversidade lingüística? Para que serve a educación? Como apostamos polo plurilingüismo?
A situación sociolingüística da lingua galega	Coñecemento e uso da lingua galega Actitudes e preconceitos sobre as linguas. O caso galego Ameazas e fortalezas da lingua galega
As linguas no sistema educativo	A lexislación lingüística no sistema educativo A competencia lingüística A formación lingüística Referentes e compromisos
O papel dos centros educativos na planificación lingüística	A intervención sociolingüística no ensino. Obxectivos e niveis de actuación O proxecto lingüístico de centro Os equipos de normalización e dinamización lingüística

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Foro virtual		0.5	2.5	3
Recensión bilbiográfica		0.5	5	5.5
Proba obxectiva		2	4	6
Lecturas		0	8	8
Sesión maxistral		1	0	1
Estudo de casos		8	2	10
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Foro virtual	Existiría un caderno dixital para comentaren os/as estudantes as sesións e debater sobre as lecturas e os temas principais que se abordaren na aula.
Recensión bilbiográfica	O alumnado terá que entregar unha recensión bibliográfica das catro obras de lectura obrigatoria.
Proba obxectiva	Existirá unha proba obxectiva final, con contidos fundamentalmente prácticos, que o alumnado deberá superar con, cando menos, un tres para lle facer media co resto das cualificacións obtidas durante o curso.
Lecturas	Para alén da recensión obrigatoria, o alumnado deberá demostrar a comprensión das lecturas obrigatorias a través da súa participación no caderno dixital.
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedimentais fundamentais para o alumnado alcanzar as competencias e destrezas previstas na materia.
Estudo de casos	Na aula estudaranse diversos supostos prácticos para responder á heteroxeneidade de centros e de situacións sociolingüística. Igualmente o alumnado terá que resolver algún destes casos pola súa conta coa axuda da bibliografía recomendada.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Foro virtual Recensión bilbiográfica	O docente fará un seguimento semanal do caderno dixital e dará pautas de comprensión das dúbidas que ficaren, así como ofrecerá outras lecturas alternativas. No caso das recensións bibliográficas, existirá unha revisión dos seus contidos que será entregada ao estudantado. Por outra parte, todas as persoas discentes recibirán recomendacións sobre o seu seguimento das aulas e da materia mentres esta se desenvolver.
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Foro virtual		Participación no caderno dixital	20
Recensión bilbiográfica		Realización dunha recensión bibliográfica dun dos títulos incluídos na listaxe facilitada polo docente nas primeiras sesións	30
Proba obxectiva		Realización dunha proba práctica final	30
Lecturas		Participación no caderno dixital e nas aulas	10
Estudo de casos		Elaboración de supostos prácticos	10

Observacións avaliación

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). A planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - García Negro, M. P. (1991). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística . Pontevedra: Cumio - García Plata, Ignasi (). gnasi Garci?a Plata, &quot;A planificacio?n lingu?i?stica nos centros de ensino. A experiencia de Catalun?a&quot;;Descargar A letra miúda nº 2, Revista de sociolingüística da CGENDL. . Compostela: GENDL - Iglesias Álvarez (2012). &quot;Actitudes e prexui?zos lingu?i?sticos en Galicia. A su?a influencia nos usos&quot;; A letra miúda nº 1 (2012).. Compostela: GENDL - Monteagudo, H. /Bouzada, X. (2002). O proceso de normalización lingüística do idioma galego (1980-2000). Vol. II. Educación . Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega - Moure, T (2003). A batalla das linguas no mundo actual. Multilingüismo e antiglobalización. Vigo: Galaxia - Moure, T. (2010). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética . A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña - Núñez Singala, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo: Galaxia - Sanmartín Rei, G. (2010). Unha (re)visitación á planificación lingüística actual no ámbito educativo desde a perspectiva da Ecolingüística. As posibilidades de construción alternativas desde a diversidade. Ames: Laiovento - Sanmartín Rei, Goretti (2011). Unha outra guía para a intervención lingüística. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC - Skutnabb-Kangas, T. (2000). Linguistic genocide in education or worldwide diversity and human rights? . New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates - Subiela, X. (2009). &quot;Democracia e política lingüísticaen Galiza&quot;; en Monteagudo (coord.) Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade. Compostela: Consello da Cultura Galega - Silva Valdivia, B. (2008). Lingua e escola en Galicia: balance e propostas de futuro . Vigo: Galaxia - Subiela e Fente (2012). &quot;Reflexións relativas á elaboración participativa dun marco de planificación lingüística dos centros de ensino&quot;; en A letra miúda nº 1. Compostela: GENDL - Villares Naveira, L. (2010). Estudos xurídicos do Decreto de plurilingüismo. Ames: Laiovento - Xunta de Galicia (2005). Plan xeral de normalización da lingua galega . Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Xunta de Galicia (2007). Planificación lingüística nos centros de ensino 2007. Compostela: Xunta de Galicia - Skutnabb-Kangas, T. (2011). &quot;Resultados de crecemento e a homoxeneización lingüística no ensino. Quen posúe os coñecementos máis válidos?&quot;;en Lingua e Ecoloxía. VIII Xornadas sobre Lingua e Usos. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC - Ponencia de lingua do Consello da Cultura Galega (1999). Dereitos lingüísticos. Compostela: Consello da Cultura Galega - Asorey Vidal (). &quot;O ensino en territorios con conflito lingu?i?stico&quot;; Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo, 897-904.
<p>Bibliografía complementaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Silva Valdivia, B. (2010). Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán. Santiago: Universidade - Freixeiro Mato, X. R. (2002 [1997]). Lingua galega: normalidade e conflito. Ames: Laiovento

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías